



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL DE RIBEIRA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO MANUEL COLMEIRO.

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para o que foi nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991

Doutra, Manuel Santos Ruíz Rivas, con NIF: 33228537T, na súa calidade de presidente da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, con CIF : G15798168 actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

As dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

A Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións





encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fóra do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital centra o seu obxectivo na colección, catalogación, estudio e difusión do arte gráfica dende as súas orixes ata os nosos días. Por iso acolle cantas técnicas artísticas operaran dende o século XV ata o momento actual, xustificando a súa denominación: "Do Gravado á Estampa Dixital".

É do interese da Fundación xerar actividades centradas no ámbito da Historia da Arte entendendo que a estampa é un elemento con valor artístico en si mesmo, pero tamén difusor de argumentos estéticos e iconográficos no discurso histórico.

O proxecto que se plantexa entra dentro desta inquedaanza por dar a coñecer as técnicas de gravado tradicionais e tamén as derivadas das novas investigacións no ámbito internacional e do traballo coas novas tecnoloxías máis actuais, así como dar a coñecer obra inédita de artistas galegos.

A Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital (Artes, Ribeira) é unha fundación sen ánimo de lucro, que consta de tres salas expositivas, un arquivo e unha biblioteca ilustrada de gran valor bibliográfico con máis de 8.000 volumes dende o século XV ata a actualidade. A colección de estampas supera os corenta mil rexistros,





e abrangue dende incunables do século XV ata gravados de técnicas innovadoras do século XXI, o que o converte nun museo único en Galicia e en España. As súas coleccións conteñen estampas das escolas española, francesa, inglesa, flamenca, alemá, italiana e holandesa, ademais dun importante fondo de gravados de autores galegos de todos os tempos.

Ademais das exposicións realizadas durante todo o ano nas tres salas do Museo do Gravado cos seus fondos, realiza outras mostras con fondos cedidos doutras institucións, organiza cursos de gravado, cede as súas coleccións non só para exposicións en Galicia, senón tamén no resto de España e en países estranxeiros (México, Costa Rica, EEUU, Xapón, Portugal...) A todo isto cómpre sumarlle a edición de publicacións científicas para catalogar e difundir os seus fondos. Así editou xa os catálogos de Goya, Dalí, Van Dyck, Facal, Rubens, Toulouse Lautrec, Piranesi, Manuel Ayaso, Alfonso Costa, Emilio Celeiro, José Fuentes, Florencio Maílló, Antonio Navarro, e outros moitos artistas.

Fundado en 2001, o Museo de Artes do Gravado foi declarado Ben de Interese Cultural e de Interese Galego xa no ano da súa fundación pola Xunta de Galicia (18/07/2001 e 30/07/2001, DOG de 24/07/2001 e DOG do 03/0/2001).

A Fundación Museo de Artes do Gravado colabora cos concellos do seu ámbito territorial, aos que cede exposicións dos seus fondos, pero tamén a entidades como as universidades de Santiago de Compostela, Cantabria e Salamanca, a Calcografía Nacional, o Museo Marítimo de Bilbao, a Real Academia de Belas Artes de San Fernando, o Instituto Cervantes en Nova York ou o concello de Guarda en Portugal, por citar só algúns exemplos.

Organiza o Museo exposicións anuais, que contan con visitas guiadas para escolares e público adulto, ademais de editar catálogos para as exposicións. No ano 2018 creouse a Escola de Gravado onde se formaron máis dun cento de alumnos/as e que continúa semanalmente con talleres de arte gráfica combinando así o labor de difusión e ensinanza. Nos últimos anos seguiron aumentando os fondos do Museo



con novas adquisicións, pero tamén facendo melloras estruturais no sistema expositivo, na accesibilidade para persoas discapacitadas e en organizar e facer visible e accesible a súa biblioteca, entre outras.

Anualmente convócase o Premio Internacional Atlante de Gravado, do que xa se organizaron trece convocatorias, cunha gran participación internacional.

O artigo número 5 dos estatutos da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital din que *“A Fundación desenvolverá as súas actividades en todo o territorio español, no conxunto da Unión Europea e no ámbito internacional, especialmente, nos países americanos”* e no artigo número 6 especificanse os fins da Fundación que, entre outros, indican:

- *O desenvolvemento e execución de Proxectos e/ou programas de investigación, estudos, formación, perfeccionamento e cooperación no ámbito da arte gráfica e en xeral das Artes.*
- *A promoción da actividade da arte gráfica e do seu desenvolvemento.*

A Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital quere realizar o proxecto Colmeiro.

A obra gráfica de Manuel Colmeiro, non moi abundante e realizada con tiraxe reducidas, ocupa un lugar senlleiro na súa actividade, nomeadamente durante nos seus anos de exilio en Buenos Aires e nos primeiros da súa marcha a París, isto é desde finais dos anos trinta até comezos dos anos cincuenta.

O proxecto consiste na recuperación e estapación de 49 matrices orixinais do artista que posúe a familia do pintor que quere realizar a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital é unha mostra de que o propio museo pretende dar a coñecer esta faceta do creador galego que mesmo inclúe obra gráfica levada á estampa, o que acrecenta o valor deste significativo conxunto de traballos que iluminan aspectos centrais da estética do autor e dun momento moi concreto do exilio galego, en particular en Buenos Aires.



Dentro do proxecto realizarase a edición dunha serie de 30 cartafoles a partir das matrices orixinais de Manuel Colmeiro.

Os gravados de Colmeiro de comezos do seu exilio remiten a un clasicismo, como o do Pablo Picasso da Suite Vollard, que transmiten unha consciencia da condición moderna, para el o clasicismo non é unha simple volta ao pasado senón unha reformulación do ideal clásico peneirado por unha percepción moi ligada á identidade galega. Nestas obras, como se ten sinalado, as fontes cézannianas son fundamentais, e de aí aprende o noso pintor a maneira de situar a figura na paisaxe. A esta lección vai permanecer sempre fiel e será alicerce das súas fecundas e sutís variacións formais. Como a Cézanne ou ao primeiro Matisse, a Colmeiro semella interesarlle o sentido plástico e unha certa monumentalidade que transmite a impresión de algo tanxíbel. O Colmeiro de temas clasicistas, preocupado pola análise da figura en relación coa paisaxe, segue o ronsel de artista como Cézanne e a través da natureza pon de manifesto unha orde que non é exactamente "a natureza" mais que está nela.

Na década dos corenta realiza gravados en que a liña clasicista se pon ao servizo xa duns temas que serán recorrentes na súa obra e que se constitúen nunha das chaves de toda a súa produción do exilio: Galicia reconstruída desde a memoria e a muller como ideal. Figuras e espazos que teñen un ar primixenio, entre paraíso terreal bíblico e Arcadia clasicista.

Neste senso, a obra de Colmeiro participa dunha das grandes liñas temáticas que caracterizan a arte galega na diáspora, como é a ausencia da Terra, o exilio, que suxire o título de infinidade de obras de artistas e escritores galegos: Lonxe de Lorenzo Varela; Fardel de eisilado e Homenaje a la Torre de Hércules de Luís Seoane; Sempre en Galiza de Castelao e nomes de revistas como Galicia emigrante, Saudade. En Colmeiro a paisaxe relembra xoga un papel fundamental, recreada desde a memoria, idealizada e situada como locus amoenus, lugar en que se funde o ideal amoroso, o recordo infantil e a vontade de resistencia en tempos de negación e saqueo do país.





Nestes gravados de comezos dos anos corenta recrea a memoria da Galicia deixada atrás por medio de figuras dun clasicismo ingresco con ecos do Picasso da Suite Vollard. En xeral, transmiten unha sensación de idilio onírico no tratamento do tema, con referencias clásicas, como en Picasso, que van desde a escultura grega até a cerámica arcaica e ática. Mais non temos a sensación de estarmos perante simples citas, ben pola contra, asistimos a un mundo cheo de saudade e intensamente ligado á experiencia.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital para realizar o Proxecto Colmeiro.

Obxectivos do proxecto:

- Interconectar artistas de distintas técnicas de gravado e debuxo e dar a coñecer as técnicas para a realización das obras.
- Restaurar e estampar 49 matrices inéditas de Manuel Colmeiro.
- Realizar 30 cartafolios onde se inclúen 49 gravados orixinais (moitos deles inéditos) de Manuel Colmeiro.
- Recuperar e difundir obra gráfica inédita de Manuel Colmeiro en Galicia e en Hispanoamérica.

Custo total das actuacións: 30.000,27 €.



De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas para a difusión dos recursos cos que conta a Fundación Museo de Artes do Gravado Dixital. O proxecto Colmeiro consiste na recuperación e estapación de 49 matrices orixinais do artista que posúe a familia do pintor. Dentro do proxecto realizarase a edición dunha serie de 30 cartafoles a partir das matrices orixinais de Manuel Colmeiro. A Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital (Artes, Ribeira) é unha fundación sen ánimo de lucro, que consta de tres salas expositivas, un arquivo e unha biblioteca ilustrada de gran valor bibliográfico con máis de 8.000 volumes dende o século XV ata a actualidade. A colección de estampas supera os corentamil rexistros, e abrangue dende incunables do século XV ata gravados de técnicas innovadoras do século XXI, o que o converte nun museo único en Galicia e en España. As súas coleccións conteñen estampas das escolas española, francesa, inglesa, flamenca, alemá, italiana e holandesa, ademais dun importante fondo de gravados de autores galegos de todos os tempos.

Por todo o anterior é a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2022, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital

A Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de





Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A beneficiaria deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen o artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A beneficiaria ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para





obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a aboar a cantidade de 30.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.431A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, código de proxecto 2022 00076.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula primeira (30.000,27 €), a achega da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades diminuírase proporcionalmente.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderán concederse anticipos ata o importe máximo de 18.000 €.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A Fundación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto de pagos anticipados e de pagos a conta que se concedan non excederá de 18.000,00 €.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a





posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

CUARTA.- Xustificación dos gastos.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 15 de decembro de 2022.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento, dos gastos financiados con cargo á achega da consellería.





En casos excepcionais nos que, por necesidades financeiras, o beneficiario non poida facer fronte á totalidade dos pagos das facturas deberá presentar un escrito comprometéndose a, no prazo máximo dun mes dende o cobro da achega da Consellería, presentar os xustificantes bancarios correspondentes aos pagamentos realizados. O incumprimento do establecido neste apartado constituirá causa de incumprimento do convenio e causa de reintegro.

- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2022, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Fundación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora



correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión mixta de seguimento.

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e polo presidente da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital Arte Contemporánea.

SEXTA.- Causas de resolución.

O incumprimento de calquera das estipulacións deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.



Así mesmo, a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital acepta a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.



Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

NOVENA.- Vixencia.

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2022.

DÉCIMA.- Administración dixital.

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición.

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades O presidente da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital

Román Rodríguez González

Manuel Santos Ruíz Rivas

